

 <p>Facultade de Ciencias da Educación Universidade de Vigo</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN OURENSE</p>	<p>GRAO TRABALLO SOCIAL</p>
--	---	------------------------------------

CRITERIOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Vías de acceso

O acceso ás ensinanzas oficiais de Grado en Traballo Social pola Universidade de Vigo esixirá estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e a superación da proba a que se refire o artigo 42 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, sen prexuízo dos demais mecanismos de acceso previstos pola normativa vixente, tal e como indica o artigo 14 do RD 1393/2007 polo que se establece a ordenación de ensinanzas universitarias oficiais.

Perfil de ingreso

Ademais de reunir os requisitos de acceso, considérase de gran axuda para a aprendizaxe, para lograr o perfil de egreso e para o posterior exercicio profesional, un conxunto de características e capacidades persoais, entre as que sinalamos algunhas:

- unha marcada sensibilidade social;
- interese polo traballo con grupos humanos;
- interese polas problemáticas que presentan os distintos grupos sociais;
- capacidade para resolver problemas e para tomar decisións;
- capacidade de empatía;
- interese na área humanista-social;
- sentido crítico e capacidade de análise;
- respecto polas persoas;
- creatividade e iniciativa para planificar, conxuntamente coas persoas, alternativas de solución;
- habilidades sociais básicas para o estudo e o traballo en equipo;
- capacidade básica para a comprensión e a expresión orais e escritas;
- experiencia en actividades de voluntariado social;
- experiencia en actividades laborais no ámbito social.

VÉXASE ADEMAIS: <http://ciug.cesga.es/lexacceso.html>.

Matrícula

Os/as estudantes de novo acceso poden atopar na web (www.uvigo.es) ou no enderezo <http://ciug.cesga.es/index.html> toda a información necesaria para preinscribirse no Grao do Título (Probas de acceso, admisión e matrícula, Grupos de traballo, titulación, así como o lugar de acceso para a entrega e recollida de información [LERD]).

Tamén os estudantes preinscritos de novo acceso ou que xa tivesen cursado estudos universitarios do título conducente ao Grao en anos anteriores ou noutras universidades, poderán matricularse telematicamente no curso desexado accedendo a través do seguinte enderezo web que aparece na páxina da universidade de Vigo (www.uvigo.es) ou a través do enderezo http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/.

Asemade, poderán atopar toda a información que precisen sobre os pasos e trámites que hai que facer para matricularse.